


Ruta á Virxe do Socorro (Mirás)





Comezamos esta ruta na zona da Cruz (Serra de Outes) e iremos cara arriba. Neste camiño atopamos un Cruceiro á beira da estrada nunha propiedade privada.



Seguimos ascendendo ata atoparnos cun desvío á esquerda cara Cambeiro, tomámolo con dirección Cambeiro de Arriba. No seguinte cruce collemos a dereita, seguimos uns 200m e collemos o seguinte á esquerda. Subimos unha pequena costa e collemos á dereita ó final desta ata chegar ao Cruceiro do Cristo dos Pombeiros, de ahí á dereita (deixamos o cruceiro as nosas costas).

Continuamos coa nosa subida para chegar ao desvío de Mirás que nos levará á Capela do Socorro.



Esta Capela pertenceu a unha propiedade privada, hoxe só se conserva o muro de pedra e unha maxestuosa entrada cunha imaxe da virxe, que se coñece como a Santiña de Mirás.



Este conxunto está rodeado por numerosos Cruceiros, o que nos chama bastante a atención. Todos eles de gran sinxeleza e cunha agradable estética compositiva.



A natureza rodea este particular e fermoso contorno. As vistas que temos dende a Capela, así o amosan.

Esta ruta pasa por Carleo onde hai unha calzada romana. Utilizada para a saída dos produtos mineiros da zona, e que nos leva ao *Castro de Carleo*. Se seguimos o segundo tramo da calzada iremos ata Vilar de Outes cruzando o Monte da Vaqueira.



Algo máis para ver: *Igrexa de San Pedro de Outes*

Construcción de mediados do século XVIII destaca do conxunto a esvelta torre barroca da fachada. O cemiterio garda unha perfecta conexión entre as diferentes partes que o compoñen.



Algo máis que saber: *Cruceiro do Cristo dos Pombeiros*

Cruceiro de harmónicas proporcións entre as partes que o conforman: plataforma de varias gradas, pedestal, varal, capitel decorado con volutas e cabezas de anxos. Na cruz Cristo e a Dolorosa.

Podemos apreciar os abundantes restos da súa pintura orixinal.

Dificultade da Ruta: Media

Lonxitude: 9 quilómetros

Plano ruta

